


NOTA

O Grupo de Investigación **HISTAGRA** e a **Editorial Galaxia** presentan a publicación: *Golpistas e verdugos de 1936. Historia dun pasado incómodo*, de cuxa autorías son os investigadores do grupo: Conchi López Sánchez, Rafael García Ferreira, Xabier Buxeiro Alonso, Aldara Cidrás, Judith Carbajo, Iria Morgade Valcárcel e como editores Lourenzo Fernández Prieto e Antonio Míguez Macho.



O próximo venres día 10 de maio ás 20:00 h. terá lugar a presentación do libro *Golpistas e verdugos de 1936. Historia dun pasado incómodo* no Clube Faro e Vigo da cidade Olívica.

Sobre a publicación: Non é unha historia heroica nin agradable, tampouco unha historia esquecida. É unha historia que non tiñamos ganas de coñecer, pero que os historiadores e as historiadoras estamos obrigados a indagar e contextualizar. O coñecemento sempre resulta sorprendente e desvenda erros, mitos, deformacións interesadas. Iso intentamos. Os lectores coñecerán neste libro as dimensións sociais dos verdugos e os colaboradores. Canto se estende a marcha da violencia do golpe. Coñecerán os golpistas perseguindo as autoridades, empezando polas militares. Como foron fusiladas autoridades civís, militares, policiais e administrativas sen que imaxinasen que ían ser executadas, porque esa posibilidade non formaba parte do seu mundo, nin da súa experiencia vital e política

Datos da presentación:

Día: 10 de maio de 2019

Lugar: Clube Faro de Vigo (Auditorio Municipal do Areal. R/ Areal esq. R/ Oporto)

Hora: 20:00 h.

Participantes: Aldara Cidrás Fuentes, Lourenzo Fernández Prieto e Antonio Míguez Macho, autores. HISTAGRA. Departamento de Historia da USC. Carlos Hernández. Xornalista de eldiario.es; Pedro Puy. Profesor de Dereito da USC. Deputado no Parlamento galego; Francisco Castro. Director de Galaxia

Máis información:

Grupo HISTAGRA

Departamento de Historia. Facultade de Xeografía e Historia

Praza da universidade, 1. 15782 Santiago de Compostela

T. 881812734. Correo-e: histagra@usc.es